

# PREMIO "ANTONIO PALACIOS" Á INNOVACIÓN

## Convocatoria e Bases Regulatoras

### Primeira: Obxecto e dotación económica.-


É obxecto da presente convocatoria establecer as normas que rexerán o concurso de iniciativas empresariais no Concello do Porriño. A dotación económica dos premios por importe total de 6.000 euros aplicarase con cargo á partida 241.48900 do vixente orzamento municipal.

As presentes bases serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de anuncios do Concello e nas súas páxinas web [www.concellodoporrino.net](http://www.concellodoporrino.net) ou [www.porremplego.org](http://www.porremplego.org).



Concello do Porriño

r/ Antonio Palacios, 1 - 36400



N.º R.E. 01360391

C.I.F. P-3603900-F

### Segunda: Finalidade.-

A través deste galardón, preténdese impulsar a creación de empresas que incorporen ideas innovadoras en procesos, produtos, sistemas ou servizos capaces de contribuír á xeración de riqueza e emprego de calidade no municipio do Porriño.

### Terceira: Destinatarios.-


*A) Categoría Emprendedores:* Poderán participar neste premio, as emprendedoras e emprendedores cunha idea ou novo proxecto de actividade, válido e viable, posto en marcha ou en vías de realización, na localidade do Porriño.

*B) Categoría Junior:* Poderán participar neste premio, todos aqueles estudantes incluídos no programa "Porremplego" que presenten un proxecto de negocio susceptible de ser executado no termo municipal, non sendo necesaria acreditación da súa constitución en empresa.

### Cuarta: Requisitos de participación e lexislación aplicable.-

Os proxectos ou ideas empresariais que se presenten deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Debe tratarse de empresas con domicilio social no término municipal do Porriño constituídas ao longo do ano 2011 ou susceptibles de constituirse no ano 2012.
- Os proxectos ou ideas empresariais deberán ser viables tanto dende o punto de vista técnico como económico-financieiro.
- Valorarase a creación de postos de traballo, calidade e estabilidade dos mesmos.
- Terase en conta, asimismo, o carácter innovador e orixinal do proxecto.



TÉLFOS 986 330 579

986 331 301

FAX: 986 335 850

As presentes bases que rexerán a convocatoria do premio "Antonio Palacios" estarán suxeitas á Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 e demais normativa de aplicación .

Tendo en conta o disposto na disposición adicional décima da Lei 38/2003 citada, o outorgamento dos premios axustarase ao contido da mesma, salvo naqueles aspectos nos que, pola súa especial natureza, non lles resulte aplicable.



Concello do Porriño

r/ Antonio Palacios, 1 - 36400



N.º R.E. 01360391

C.I.F. P-3603900-F

#### **Quinta: Criterios de valoración.-**

Os criterios de valoración determinantes no concurso de iniciativas empresariais son:

- Grao de innovación e/ou base tecnolóxica dos proxectos, así como o potencial de creación de emprego. Ademais en caso de igualdade de condicións primarase ás empresas de economía social.
- Sector de actividade preferente: actividades desenroladas no medio rural.

#### **Sexta: Premios.-**

O premio consistirá nunha dotación económica polas seguintes contías:

a) Categoría "emprendedores":

- Primeiro premio: 3.000,00 euros
- Segundo premio: 1.500,00 euros
- Terceiro premio: 1.000,00 euros

b) Categoría "junior": 500,00 euros

No caso de acreditarse a posta en marcha do proxecto antes da finalización do ano 2012, o proxecto galardoado será incentivado cunha dotación económica equivalente.

Os gañadores, a máis do premio correspondente, obterán un certificado expedido polo Concello que avaliará a súa condición de gañadores.

#### **Sétima: Presentación de solicitudes e documentación.-**

*Solicitudes:* As solicitudes para concursar ao premio mencionado poderán presentarse pola empresa ou emprendedor que opte aos mesmos e que cumpra cos requisitos esixidos. Aos efectos oportunos, facilitarase modelo de solicitude no Concello, na Concellaría de Emprego sita no multiusos de Torneiros ou a través das páxinas web anteriormente mencionadas.

*Documentación:* Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:



TÉLFS 986 330 579

986 331 301


FAX: 986 335 850





Concello do Porriño

r/ Antonio Palacios, 1 - 36400



N.º R.E. 01360391

C.I.F. P-3603900-F

- Persoas físicas: fotocopia do D.N.I.
- Persoas xurídicas: Fotocopia do CIF, DNI do representante legal e poder de representación.
- Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social. (Certificados expedidos pola Axencia Tributaria, Consellería de Economía e Facenda e Seguridade Social).
- Currículum do emprendedor.
- Memoria da idea ou proxecto, debendo conter, a lo menos, a actividade a desenvolver, mercado, clientes/proveedores, previsión de resultados e grao de innovación.

**Prazo:** O prazo de presentación de solicitudes iniciaráse ao día seguinte da súa publicación no B.O. da provincia e finalizará transcurrido o prazo de 30 días hábiles. A falta dalgún dos documentos indicados poderá dar lugar á descualificación do proxecto.

**Lugar:** As solicitudes e demais documentación requerida presentaránse no Rexistro Xeral do Concello de luns a venres de 9,00 a 14 horas.

#### **Oitava: Xurado.-**

Constituiráse un xurado encargado de valorar os proxectos ou ideas presentados nas diferentes categorías e a adecuación das solicitudes aos requisitos esixidos nas bases.


En todo aquilo que non se prevexa nas presentes bases, facúltase ao xurado cualificador para a súa interpretación e resolución.

O xurado estará formado por membros da Concellaría de emprego en número impar. O xurado avaliará as solicitudes presentadas e emitirá un informe no prazo máximo de 15 días hábiles dende a finalización do prazo de presentación. Finalmente por resolución da Alcaldía se prestará aprobación ao fallo do xurado, sendo este acordo inapelable, poidendo quedar os premios desertos.

#### **Novena: Aceptación das bases.-**

A presentación a este concurso supón o coñecemento e a aceptación de todas e cada unha das presentes bases así como a incorporación dos datos personais nos ficheiros automatizados e non automatizados do Concello.

Os devanditos datos conservaránse con carácter confidencial e sen perxuízo das remisións de obrigado cumprimento, segundo o disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal así como no Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, de desenvolvemento da Lei Orgánica de Protección de Datos.



TÉLFOS 986 330 579

986 331 301

FAX: 986 335 850


**Décima: Confidencialidade.-**

Ao longo de todo o concurso, garantízase a total confidencialidade respecto das ideas e proxectos empresariais presentados. A información recollida durante todo o proceso considérase propiedade exclusiva dos autores e será tratada con confidencialidade. Para todos os efectos, a solicitude de participación terá a consideración de compromiso de confidencialidade entre as partes asinantes.



**Concello do Porriño**

r/ Antonio Palacios, 1 - 36400




N.º R.E. 01360391

C.I.F. P-3603900-F

No Porriño a 26 de abril de 2012

**O Alcalde,**

Asdo. José Nelson Santos Argibay



TÉLFS 986 330 579

986 331 301

FAX: 986 335 850